


Carlos Casares



Carlos Casares Mouriño (Ourense 1941 – Vigo 2002). Escritor, editor, crítico literario e político, foi o persoeiro escollido para render homenaxe no Día das Letras Galegas de 2017.

Poucos anos despois de nacer en Ourense, trasládase coa familia a Xinzo de Limia, debido a que o seu pai, mestre, tiña escola naquel lugar. Na súa familia había varios membros vencellados á igrexa, entre eles o arcebispo Enrique Pérez Serantes. Este ambiente propiciou que ingresase no seminario de Ourense á idade de once anos. Alí estudiaría cinco anos máis, ata abandonar o centro e estudar o bacharelato por libre. Esta circunstancia debeuse a súa toma de conciencia respecto da defensa do idioma galego, lingua que a el lle era familiar no ambiente rural do que proviña, pero que estaba prohibida no seminario. Xa nesta época, editou unha revista clandestina: *El Averno*. Daquela tamén gañara un concurso popular de contos de nadal, o que lle permitiu coñecer ao intelectual Vicente Risco.

Despois de acabar o bacharelato, trasladouse a Santiago de Compostela para estudar Filoloxía Románica. Aquí entra en contacto con Ramón Piñeiro, que exercería desde entón e durante moitos anos, unha grande influencia sobre el no que toca as súas ideas políticas. Naquela época vencéllase a organizacións estudantís, políticas e culturais galeguistas e antifranquistas, Comeza tamén nesta época a publicar obras na revista *Grial*, e a súa primeira novela, *Vento ferido* (1967), publicada na editorial Galaxia.

Rematada a carreira, en 1969, comeza na súa profesión de ensino secundario en Viana do Bolo. De alí sería expulsado por ter organizado actividades que non gustaban ao réxime. Nesa mesmo ano publica unha nova novela, con carácter máis vangardista, *Cambio en tres*. Tras a expulsión, consegue unha praza nun instituto de Bilbao. Alí tampouco dura máis dun ano por mor de conflitos políticos entre os profesores e a dirección. Pouco despois, en 1971, coñeceu en Santiago á que sería a súa muller ata o fin dos seus días, Karin Anna Kristina Berg Casares, daquela unha moza sueca que visitaba Galicia. Con ela visitou con frecuencia Suecia, xa naquela época un país moito máis avanzado e aberto, cuxa socialdemocracia o influenciaría fondamente. Poucos anos despois, en 1974, conseguiría por oposición unha praza de profesor no centro de Cangas do Morrazo. Alí tamén sería expedientado, xunto con Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero e Francisco Rodríguez Sánchez, por apoiar reivindicacións do colectivo de profesores non numerarios. Tempo despois, acabaría sendo profesor no instituto de ensino secundario Santo Tomé do Freixeiro, en Vigo.

A súa principal actividade como político foi na época da transición. Asinou o manifesto *Realidade Galega*, para conseguir un estatuto de autonomía para Galicia semellante ao Vasco e Catalán do ano 1979. Presentouse como independente nas listas do PSOE ás eleccións ao parlamento Galego de 1981 e foi elixido. Nesa lexislatura centráriase no traballo para crear a lei de Normalización Lingüística e o Consello da Cultura Galega. Non se volveu a presentar nas seguintes eleccións, e continuou a

A cunca. Escolma de persoeir@s

súa labor de docente e no mundo da cultura. Presidiu o Consello da Cultura Galega (1996-2002), e dirixiría a Editorial Galaxia (1986-2002) e a revista *Grial*. Morreu dunha crise cardíaca na súa residencia de Nigrán no ano 2002.

A súa obra destaca por unha linguaxe sinxela, accesible, pero no fondo moi traballada tecnicamente. Entre as súas novelas destacan, a parte das xa mencionadas, *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) que lle valeu o premio Galaxia, *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos de aquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) e *O sol do verán* (2002). No ensaio, destacan traballos sobre Curros Enríquez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Francisca Herrera Garrido, Fermín Bouza-Brey, Ramón Piñeiro, Juan de la Coba e Padre Sarmiento, así como sobre Hemingway (*Hemingway en Galicia*, 1999). Colaborou no xornal “La Voz de Galicia” durante moitos anos, quedando os seus artigos recollidos na escolma *Á marxe*, dende 1992 a 2002. Tamén foi un autor prolífico de literatura infantil, entre a que destacan os títulos *A galiña azul* (1968), *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973, obra teatral) e *O can Rin e o lobo Crispín* (1983).

Ademais dos premios xa mencionados, recibe, entre moitos outros, o Premio da crítica da narrativa galega por *Xoguetes para un tempo prohibido*, o I Premio Ramón Otero Pedrayo polo seu ensaio sobre o autor, o Premio Antón Losada Diéguez de 1987 pola novela *Os mortos de aquel verán*.

Numerosos centros de educación, xardíns, rúas e prazas levan o seu nome por toda Galicia.